

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE MOAÑA
CELEBRADA O DÍA 20 DE MAIO DE 2014**

ASISTENTES	
	GRUPO POLÍTICO
ALCALDE:	
D. José Ferverza Costas	PP
CONCELLEIROS/AS:	
D ^a . Susana Varela Santiago	PP
D. Jorge Santomé Gestido	PP
D ^a . María Colomba López Freire	PP
D ^a . Rosa Solla Veiga	PP
D ^a . María del Carmen Maya Santomé	PP
D ^a . Raquel Carro Sequeiros	PP
D ^a . María del Carmen Regueira Fernández	PP
D ^a . María Martínez Nogueira	BNG
D ^a . María Beatriz Riobó Rouco	BNG
D. Odilo Barreiro Martínez	BNG
D ^a . María Libertad Cruz Couso	BNG
D ^a . Coral Ríos Santomé	BNG
D ^a . Araceli Gestido Rodríguez	BNG
D ^a . Marta Freire Riobó	PS de G-PSOE
D. María Dolores Miranda Costas	PS de G-PSOE
SECRETARIO:	
D. Adamantino Barreiro García	
AUSENTES:	
D. Xosé Manuel Millán Otero	BNG

En Moaña, o 20 de maio de 2014, martes, ás 20.00 horas no salón de plenos da Casa do Concello, tras a convocatoria para o efecto, reúnen-se, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros e as señoras concelleiras que se relacionan na marxe co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno da Corporación do Concello de Moaña.

A todos/as os/as asistentes entregóuselles copia da orde do día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Escusa a súa asistencia don Xosé Manuel Millán Otero do BNG.

Estando presente o quórum necesario, o Sr. presidente declara validamente constituída a sesión.

ORDE DO DÍA

1º.- Moción da AAVV de Tirán sobre o proxecto de trazado e impacto ambiental das variantes de Cangas e Moaña.

1º.- MOCIÓN DA AAVV DE TIRÁN SOBRE O PROXECTO DE TRAZADO E IMPACTO AMBIENTAL DAS VARIANTES DE CANGAS E MOAÑA.

O Sr. Alcalde sinala que con data 13/05/2014, rexistro de entrada número 3143, recibíuse escrito da Asociación de Veciños de Tirán no que presentan unha moción para que sexa debatida e votada antes do vindeiro día 22 de maio de 2014. Indica que fixemos unha alegación que lle pasamos aos grupos políticos.

A continuación un representante da Asociación de Veciños de Tirán da lectura a moción que literalmente di:

DON FRANCISCO FERREIRA LORENZO, con DNI.35.985.637 K, como Secretario da Xunta Xestora da AAVV de TIRÁN, na súa representación, propón a Corporación Municipal de Moaña a seguinte moción para que sexa debatida e votada antes do día 22 de maio do ano en curso.

Con data 23 de abril de 2014, o DOGA Nº 77, publicou o Anuncio de 02-04-14 da Axencia Galega de Infraestruturas polo que se aproba o expediente de información pública e definitiva do proxecto de trazado e impacto ambiental das variantes de Cangas e Moaña (CLAVE PO/07/220.01), e no caso concreto de Moaña se retira a VARIANTE DE MOAÑA e a CONEXIÓN PO-313-VG-4.5 (SABACEDA) e mantense O PROXECTO DE CONEXIÓN DA PO-551, POR TIRÁN, CO CORREDOR NA AMEIXOADA (VG-4.5).

En setembro do ano 2012 foron presentadas alegacións que solicitaban a retirada do proxecto por consideralo innecesario e con elevado impacto sobre o medio humano e natural, subscriptas por numerosos veciños e Anpa do CEIP de Tirán como directamente afectados.

Pola AAVV de Tirán presentouse alegación de rexeitamento parcial do proxecto. Se reivindicaba a mellora da seguridade viaria no tramo entre a PO-551 e o colexio e da propia contorna do mesmo por ser unha zona de acceso do transporte escolar, de tránsito a pé de pais e cativos cara ao colexio e de numerosos veciños como área de paseo. Denunciaba o grave impacto ambiental da actuación no entorno do monte dos Remedios e acceso ao centro que serían modificados substancialmente pola rebaixa de cota proposta. E contiña o total rexeitamento do tramo de baixada a glorieta Ameixoada polo gravísimo impacto ambiental e paisaxístico dos desmontes propostos.

AAVV da Ameixoada demandaba a mellora da conexión entre a EP1104 (Moaña-Coiro) coa rotonda de acceso ao Corredor xa que carece de anchura suficiente para o dobre sentido no que se circula, sen beiravías e completamente anegado cando chove polo deficiente sistema de evacuación das augas do río que pasa entubado por debaixo do pavimento. A estas circunstancias engádese o incremento do tráfico rodado cara ao novo campo de fútbol do Casal e o uso por numerosos peóns que camiñan ao vial de servizo, ao barrio do Casal e campo de fútbol.

Este abano de posicións poñen de relevo dous feitos:

- a existencia de graves problemas de accesibilidade nas infraestruturas da zona, e*
- o dunha clara posición común de mínimos no rexeitamento deste trazado que non da solución ningunha a os problemas das actuais infraestruturas das parroquias de Tirán e Ameixoada. e crearía danos e consecuencias irreparables para todos os veciños sen responder as necesidades reais.*

A pesar desta manifestación explícita dos veciños a traveso do procedemento de alegacións establecido, atopámonos con que o proxecto segue adiante sen que se tivesen en conta as mesmas e, tampouco, se argumente a súa improcedencia ou, de contrario, as virtudes, utilidade e procedencia do proxecto agora aprobado pola Xunta.

Sorprendentemente atopámonos que na mesma resolución se anuncia a retirada do proxecto denominado Variante de Moaña e conexión PO-313-VG-4.5 (Sabaceda), "considerando as diversas alegacións recibidas que solicitan a retirada do proxecto por consideralo innecesario e con elevado impacto sobre o medio humano e natural do concello, emitidas polo Concello de Moaña e os grupos veciñais, e a necesidade de revisión do trazado solicitada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, resólvese deixar sen efecto o referido proxecto nestes treitos"

Resulta contradictorio o criterio utilizado pola Xunta de Galicia para retirar o proxecto nun tramo e mantelo noutro cando, aparte das evidencias ante expostas, esgrímense argumentos de protección ao patrimonio cultural no primeiro caso que se desprezan e omiten no caso de Tirán (o cruceiro de Fazáns como elemento patrimonial catalogado ou a agresión ao monte dos Remedios tamén protexido).

Aparte da posición xa apuntada polos colectivos, existe unha opinión xeneralizada entre os veciños da parroquia contraria a este proxecto que se materializa nas máis de seiscentas sinaturas recollidas neste sentido.

Por todo o anteriormente exposto, solicitamos desa Corporación Municipal a consideración desta moción, tomando os seguintes acordos:

- 1º.- Solicitar da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a retirada do proxecto de conexión entre PO-551 e VG-4.5(Tirán).*
- 2º.- Formular recurso de reposición no mesmo sentido ante o Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.*
- 3º.- Por en marcha a Comisión de Mobilidade creada no pleno extraordinario do 9 de agosto de 2012 , na que se busquen solucións consensuadas cos veciños, como establece o Regulamento de Participación Veciñal, as carencias denunciadas, tendo como modelo a posta en valor dos nosos "camiños" como lugares de convivencia dos peóns e o tráfico necesario, garantindo unha rede segura para veciños e visitantes.*
- 4º.- A expedición inmediata de Certificación deste Acordo polo Secretario Municipal para a súa incorporación nos recursos de reposición que deberán ser presentados nun prazo que remata o vindeiro 23 de maio de 2014.*

Moaña, 14 de maio de 2014

Asdo. Francisco Ferreira Lorenzo.

➤ Intervén dona María Martínez quen sinala que o BNG amosa o seu apoio a moción da Asociación de Veciños de Tirán. Sinala que este proxecto, no que se falaba deste trazado, xa se rexeitou no Pleno que se celebrou en 2012. Felicita a Asociación de Veciños de Tirán pola súa organización neste tema, e pola súa iniciativa. O BNG denuncia que o Alcalde sexa o último en decatarse, e este Pleno foi unha iniciativa dos veciños. Na Comisión de Urbanismo preguntóuselle que dixo que non sabía nada, igual que pasa con outros temas como as bandeiras azuis, o Beque, Reiteramos o noso apoio e o noso voto a favor, e pídelle ao Alcalde que estea máis atento nestes temas.

➤ Dona Marta Freire indica que tamén ten o apoio do Grupo do PS de G-PSOE e que comparte totalmente. Recorda que xa se pediu a retirada a Xunta de Galicia deste Proxecto no Pleno celebrado no ano 2012 e que a Xunta o mantén. O Alcalde non transmite a vontade do Concello a Xunta de Galicia. Considera que o Proxecto da Xunta é unha aberración, xa que hai un centro educativo, e foron os veciños os que se adiantaron a iniciativa e non se comunicou nada aos grupos políticos. Pide que os cartos que están previstos para o noso Concello non se perdan e se invertan noutros viais de Moaña que son necesarios. NO 2012 se acordou crear a Comisión de Mobilidade, e pide que se cree. Mostra novamente o apoio do PS de G-PSOE a esta iniciativa veciñal.

➤ Dona Susana Varela indica que o PP apoia este moción, e xa se rexeitou polo seu Grupo este proxecto. Engade que queren que a inversión prevista, se faga en outros viais de Moaña. Recorda que se no 2007 se houbese rexeitado o proxecto, non estaríamos hoxe aquí.

➤ Dona Marta Freire recorda que son os do PP os que manteñen este proxecto.

➤ Dona Susana Varela indica que no 2007 se plasmou este proxecto no PXOM.

➤ Dona María Martínez sinala que no ano 2009 rexeitouse esta conexión.

➤ Dona Susana Varela indica que se mandou así.

➤ Intervén don Francisco Ferreira, secretario da Xunta xestora da AAVV de Tirán, quen indica que os veciños crían que co acordo adoptado polo Pleno da Corporación sobre a retirada deste proxecto, xa quedaba fora. Agora todos estamos sorprendidos. Nos confiamos na competencia política do Concello. Estamos nunha fase administrativa, nun proceso onde hai uns prazos que cumprir e se en seis meses non recibimos resposta, hai que entender que o proxecto sae adiante. É importante que este acordo se poida incorporar xunto con todas as sinaturas máis de mil, para que se mire con sentido político, se os veciños non o queren, e se a Corporación tampouco, que se anule o proxecto. Na moción recolleemos as distintas posicións, hai problemas de accesibilidade no entorno. Queremos que non se faga este proxecto, rexeitalo, e que se adopte o acordo de rexeitalo. Tamén queremos que se cree unha comisión de Mobilidade na que podamos manifestar a nosa opinión os veciños e pedimos que se reúna para abordar esta problemática, e que os cartos se apliquen como desexan os veciños.

➤ Intervén o Sr. Alcalde quen manifesta que pasou unha alegación que vai a presentar o Concello e que vai a trasladar a Consellería. Invita aos Grupos Políticos a asumila. Recorda que xa estaba no PXOM este enlace e hai que buscar outra solución.

➤ Don Francisco Ferreira indica que preferían que se someta a votación a moción presentada, sen incluír as alegacións que agora se propoñen polo Sr. Alcalde.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos dezaseis membros presentes, dun total de dezasete que compoñen a Corporación, acorda:

1º.- Solicitar da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a retirada do proxecto de conexión entre PO-551 e VG-4.5 (Tirán).

2º.- Formular recurso de reposición no mesmo sentido ante o Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

3º.- Por en marcha a Comisión de Mobilidade creada no pleno extraordinario do 9 de agosto de 2012 , na que se busquen solucións consensuadas cos veciños, como establece o Regulamento de Participación Veciñal, as carencias denunciadas, tendo como modelo a posta en valor dos nosos “camiños” como lugares de convivencia dos peóns e o tráfico necesario, garantindo unha rede segura para veciños e visitantes.

4º.- A expedición inmediata de Certificación deste Acordo polo Secretario Municipal para a súa incorporación nos recursos de reposición que deberán ser presentados nun prazo que remata o vindeiro 23 de maio de 2014.

E non tendo outros asuntos que tratar, o Sr. Alcalde acorda rematar a sesión ás 20.30 horas co que se dá por terminado o acto, redactándose a presente acta que asina o Sr. Alcalde-Presidente, comigo secretario, de todo o cal eu dou fe.

Vtº E PRACE
O ALCALDE

O SECRETARIO

Asdo.: José Fervenza Costas

Asdo.: Adamantino Barreiro García